

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

27, 28 E 29 DE MAIO

O Campus de Ferrol acolle unhas xornadas sobre Carvalho Calero

Nos actos, organizados pola Fundación Artábria, participarán profesores e investigadores das tres universidades galegas.

Redacción - 17:00 26/05/2008

En [Ferrolterra prosegue a campaña](#) para acadar o recoñecemento de [Ricardo Carvalho Calero](#) como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009. Nesta ocasión a través dunhas xornadas de investigación e estudo que buscarán afondar na figura do profesor ferrolán, primeiro Catedrático de Lingua Galega e figura clave na sociolingüística do país.

As xornadas, que terán como escenario a sala de actos da Vicerreitoría do [Campus de Esteiro](#), en Ferrol, abriranse esta segunda feira ás doce horas, cunha conferencia de Bernardo Maiz, que fará unha contextualización histórica de Carvalho no século XX galego. Seguirá unha palestra de profesor da Universidade de Vigo José-Martinho Montero Santalha, que falará sobre a obra filolóxica de Carvalho Calero. A seguir, ás 18.15, Maurício Castro presentará unha comunicación dedicada a sintetizar as achegas do vello profesor para a sociolingüística galega.

Na cuarta feira, a partir das catro e media da tarde, o profesor de Literatura Galega na Universidade da Coruña Xosé María do Barro presentará un relatorio titulada *Carvalho Calero: toda unha vida de investigador da Literatura Galega*. A xornada do mércores será pechada a partir das seis e cuarto polo escritor ferrolán Henrique da Costa, que falará sobre *Os signos identitarios da prosa de ficción de Ricardo Carvalho Calero*.

As xornadas péchanse o xoves, con comunicación sobre poesía e teatro, a cargo de dúas profesoras de literatura, especialistas ambas na obra de Carvalho. A docente da Universidade de Santiago, Carmen Blanco, tratará a poesía, mentres que a tamén docente da USC Araceli Herrero Figueroa lerá a palestra *Carvalho: Dramaturg e Dramatiker*, en que se ocupará da obra dramática do protagonista das xornadas.